

PROFESORADO

E.I. 3 anos A	Jani
E.I. 3 anos B	Laura
E.I. 4 anos A	Patricia
E.I. 4 anos B	Celia
E.I. 5 anos A	Berta
E.I. 5 anos B	Ana
Apoios E.I.	Pili Raquel

1º A	Silvia	1º B	María
2º A	Fina	2º B	Ana Belén
3º A	Miguel	3º B	Charo
4º A	Susa	4º B	Andrés
4º C	María L.	5º A	Ana M.
5º B	María José	5º C	Marta
6º A	Carmen	6º B	Iris

Inglés	Belén Tamara Borja
Ed. Física	Fiz Marta
P. Terapéutica	Ana Raquel
A. e Linguaxe	Maite Ana V.
Ed. Musical	Begoña
Relixión católica	Mónica
Orientación	Ana Mª

Calendario escolar

DÍA DO ENSINO: 31 de outubro
VACACIÓNS DE NADAL: Do 23 de decembro ao 7 de xaneiro
ANTROIDO: 3, 4, 5 de marzo
SEMANA SANTA: Do 14 de abril ao 21 de abril
DÍAS NON LECTIVOS PROPOSTO POLO CENTRO: 16 de setembro e a determinar.

Equipo Directivo

DIRECCIÓN: Borja
XEFATURA DE ESTUDOS: María
SECRETARÍA: Celia

Horario do centro

De 9:45 a 14:45

1ª 9:45 a 10:40
2ª 10:40 a 11:35
3ª 11:35 a 12:30
Recreo 12:30 a 13:00
4ª 13:00 a 13:55
5ª 13:55 a 14:45

- **Horario de atención ao público do Equipo Directivo:** de luns a venres: de 9:50 a 10:35. Noutro horario concertar cita.
- **Horario de administración:** de luns a venres: de 9:00 a 15:30 excepto martes que será de 9:00 a 15:00 e de 16:00 a 18:30
- **A atención de Orientación** concertarase telefónicamente.
- **Horario de biblioteca:** de luns a xoves: de 16:00 a 18:00



CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

CURSO 2024/2025

Avda. da Grabanxa, 43
15888 Sigüeiro-Oroso
Tlf. 881 866202

ceip.sigüeiro@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceipsigüeiro/

NORMAS DE FUNCIONAMENTO

- ➡ Ás 9:35 abrírase o portal de entrada e os alumnos/as accederán ao recinto. Ás 9:45 soará o timbre e dará comezo a actividade lectiva.

ALUMNADO DE INFANTIL:

- Poderá **entrar** acompañado por alguén ata o seu patio, onde se colocará en ringleira. Mentres non soa o timbre o alumnado transportado estará atendido polo profesorado do centro. O demais alumnado estará a cargo dos seus acompañantes, polo que pregamos que cheguen ao colexio o máis próximo á hora de entrada posible.
- Os nenos/as de 5 anos, 4 anos B e 1º de Primaria entrarán pola porta da esquerda do edificio de Infantil, os de 3 anos e 4 anos A entrarán pola porta da dereita.
- Para a saída do alumnado que non utiliza o comedor seguirán as indicacións dos titores/as.

ALUMNADO DE PRIMARIA:

- **1º nivel**, durante a primeira semana poderán entrar acompañados ata a súa porta (Fondo da rampa á esquerda) e subirán á aula sen facer fila. O resto do curso entrarán sos.

- **Resto de niveis**, entrarán sos, sen facer fila, exceptuando o alumnado de nova incorporación que poderá ir acompañado ata a súa porta durante a primeira semana do curso.
- O alumnado que vai cursar 4º cambia de porta, agora utilizará a do 3º ciclo, na pista de baloncesto.

- ➡ O alumnado que chegue transcorridos 10 min. ou máis da hora de entrada, entrará pola porta principal e posiblemente deba incorporarse ao seu grupo na sesión seguinte. Entregaralle un xustificante ao titor/a.

- ➡ Ningunha persoa poderá acceder ao interior do centro sen permiso.

- ➡ Á saída as familias poderán acceder ao recinto para recoller aos nenos/as, na mesma porta pola que entraron.

- ➡ O alumnado de 5º e 6º de Primaria poderá marchar só para a casa e mesmo levar a algún irmán ou irmá máis pequeno, sempre que conte con unha autorización asinada pola familia.

- ➡ Se algún alumno/a ten que abandonar o centro antes da hora de saída habitual, será recollido pola familia ou alguén en quen delegue, co coñecemento do colexio, na porta principal; onde asinará un documento de recollida do neno/a.

- ➡ Prégase ás familias que sexan puntuais á hora de recoller aos seus fillos e fillas.

- ➡ Os autobuses sairán do centro ás 15:45, exceptuando os mércores que sairán ás 16:30.

- ➡ Os usuarios do servizo de transporte que non retornen no autobús, deberán avisar á persoa acompañante.

- ➡ O **alumnado de comedor que non sexa de transporte, será recollido** segundo a seguinte organización:

INFANTIL:

15:25 porta principal: **5 anos**; porta biblioteca: **4 anos**

15:30 porta principal **3 anos**.

PRIMARIA:

Saírá pola cancela principal ás **15:45**.

- ➡ A ANPA "A Nosa Escola" organiza no colexio diversas actividades extraescolares ás que poden asistir despois do comedor, tamén conta cun servizo de Lúdoteca.

CANLES DE COMUNICACIÓN

- Vía telefónica: 881866202

- Correo electrónico: ceip.sigueiro@edu.xunta.gal

- Ao titor/a a través da aplicación Abalar-Móbil ou axenda

TITORÍAS

- Martes de 16:30 a 17:30. Deberase pedir cita con antelación.